



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Función tutorial e orientación académica		Código	652604002	
Titulación	10 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Sociais (Geografía e Historia)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	2	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación	Rebollo Quintela, Nuria	Correo electrónico	nuria.rebollo@udc.es		
Profesorado	Rebollo Quintela, Nuria Rodicio Garcia, Maria Luisa	Correo electrónico	nuria.rebollo@udc.es m.rodicio@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Esta materia aborda a orixe e os principios da orientación e da titoría, así como as funcións e as actividades titoriais a desempeñar, xunto cas situacións específicas da titoría. Así mesmo, ofrece mecanismos e estratexias para a planificación da acción tutorial.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non procede</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas, coa única modificación de que se pasa a unha docencia online, a través das plataformas da UDC. *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Preferentemente a través de correo electrónico, Moodle e plataforma de teleformación. Realizarase a petición do alumnado alomenos unha vez á semana.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Ningunha *Observacións de avaliación: Se realizará de xeito online, si é preciso</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A12	(CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación empregando indicadores de calidade.
A16	(CE-E16) Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia (OE).
A20	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A23	(CE-P6) Exercitarse na avaliación psicopedagóxica, o asesoramento a outros profesionais da educación, aos estudantes e ás familias (OE).
B5	(CE-G5) Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posíbeis problemas.
B7	(CE-G7) Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional.



B9	(CE-G9) Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
B10	(CE-G10) Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
B12	(CE-G12) Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
C1	N.1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
C3	N.3. Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	N.4. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	N.7. Asumir como profesional e cidadán/cidadá a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Distinguir e aplicar os diferentes recursos e estratexias para a acción titorial	AP12 AP16 AP20	BP5 BP7 BP9 BP12
Tranferir o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse, aplicando os principios éticos á práctica profesional e persoal	AP12 AP20		CP1 CP3 CP4 CP7
Participar no deseño, implantación, seguimento e avaliación do plan de acción titorial (PAT) do centro, poñendo en práctica as competencias sociais para traballar en equipo e salvaguardar os obstáculos que vaian xurdindo	AP20	BP7 BP9	CP1 CP3 CP4 CP7
Enumerar as funcións do titor en relación ao alumnado, familias e resto do profesorado e analizar o que isto conleva.	AP23	BP5 BP10	CP1 CP4 CP7
Definir a orientación e a titoría e as súas relacións, así como describir e identificar o modelo institucional galego de orientación.	AP23	BP5 BP9 BP10	CP1 CP3 CP7

Contidos	
Temas	Subtemas
Titoría e orientación	Aproximación conceptual e relacións
O modelo institucional galego de orientación	Aspectos organizativos e funcionais dos servizos de orientación
Funcións e actividades titoriais	* Cos estudantes * Coas familias * Cos compañeiros
Planificación da acción titorial	O Plan de Acción Titorial (PAT)
A titoría en situacións específicas	* No módulo de formación en centros de traballo. * Nos programas de cualificación profesional inicial. * Nos programas de diversificación curricular.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A12 B5 B10 B7 B9 C3 C1 C4 C7	1	11	12
Proba mixta	A16 A20 A23 B5 B10 B7 B9	1	5	6
Presentación oral	A12 B7 B12 C3 C1 C4 C7	2	5	7
Sesión maxistral	A16 A20 B5 B10 B7 B9 C4	3	0	3
Aprendizaxe colaborativa	B7 C3 C1 C4	5	7	12
Análise de fontes documentais	A16 A23 B5	1	8	9
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	É un cartafol ou archivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno. O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, expondo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada con el uso de medios audiovisuais e a introducción de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Portafolios do alumno	<p>Se precisará un seguimento persoal do traballo desenrolado no marco do portafolios xa que será unha peza clave na avaliación final.</p> <p>Así mesmo, se traballará de xeito directo cos pequenos grupos que se formen para desenvolver os traballos propostos. Como mecanismos de atención personalizada ao alumnado, se empregará preferentemente o de correo electrónico, Moodle e a plataforma de teleformación.</p>
-----------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A12 B5 B10 B7 B9 C3 C1 C4 C7	No que se recollerá a actividade realizada, a súa avaliación; así coma as reflexións xeradas no grupo.	30
Proba mixta	A16 A20 A23 B5 B10 B7 B9	Que constará de preguntas tipo test de resposta múltiple (o 50% da cualificación da proba) e preguntas de desenvolvemento con resposta breve (50% da proba).	40
Presentación oral	A12 B7 B12 C3 C1 C4 C7	Consistirá na presentación do traballo suxerido.	30

Observacións avaliación
<p>Para que os estudantes puidan ser avaliados según a planificación anterior, deben ter unha asistencia as sesións interactivas do 80%.</p> <p>Para superar a materia deberán aprobar a proba mixta e o portafolios grupal. No portafolios a avaliación pode ser diferente para cada membro do grupo xa que estará supeditada ao grao de implicación amosado por cada persoa. Na presentación oral, deberán participar todos/as os/as integrantes do grupo para poder ser avaliados/as. No caso de non aprobar unha delas a cualificación final da materia será como máximo 4 (correspondendo cun 10 no portafolios).</p> <p>O ALUMNADO QUE ASISTA A MENOS DUN 80% DAS SESIÓNS INTERACTIVAS deberá realizar un exame de carácter teórico-práctico que será o 100% da cualificación final. É preciso ter superadas as diferentes partes que compoñan o mesmo.</p> <p>A 2ª oportunidade, estará sometida aos mesmos criterios de avaliación que a 1ª.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Anaya Nieto, D. y Suárez Riveiro, J.M. (2010). Evaluación de la satisfacción del profesorado.. REOP, 21 (2), 283-294 - Blanchard Giménez, M. (1997). Plan de acción tutorial en la E.S.O. Madrid. Narcea - Comellas, M.J (2002). Las competencias del profesorado para la acción tutorial. Barcelona: Praxis - González-Benito, A. y Vélaz-de-Medrano, C. (Ed.) (2014). La acción tutorial en el sistema escolar.. Madrid: UNED - Martín,E. y Mauri, T. (2011). Orientación Educativa. Atención a la diversidad y educación I. . Barcelona: Graó - Grañeras, M. y Parras, A. (2008). Orientación Educativa: fundamentos teóricos, modelos institucionales y nuevas perspectivas. Madrid: CIDE - Martín, E. y Onrubia, J.(Coords.) (2011). Orientación educativa: procesos de innovación y mejora de la enseñanza. Barcelona: Graó - Martín, E. y Solé, I. (Coords.) (2011). Orientación Educativa. Modelos y estrategias de intervención. Barcelona: Graó - Monge Crespo, C. (2009). Tutoría y orientación educativa. Madrid:Wolters Kluwer - Repetto Talavera, E. (2001). Tu futuro Profesional.(Una planificación de la Tutoría para cada etapa educativa de 10-18 años.).. Ed CEPE. Libro del Profesor y Libro dek alumno. - Rodicio García, M.L. (2009). La función tutorial y la formación profesional en las instituciones laborales. Madrid: Biblioteca Nueva - Rodicio García, M.L. (2012). Diseño y evaluación de programas de orientación educativa. Madrid: Biblioteca Nueva - Sobrado, L., Fernández, E. y Rodicio, M.L. (2012). Orientación Educativa. Nuevas perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva - Uruñuela, P.M. (2016). Trabajar la convivencia en los centros educativos. Una mirada al bosque de la convivencia.. Madrid. Narcea
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Santana, L. E. e Feliciano, L. A. (2006). La construcción de la acción tutorial desde las coordenadas de la investigación colaborativa. Revista de Educación, 340, 943-971.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías